

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE ABRIL DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día doce de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de abril de 2022**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de abril de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución de 5 de abril de 2022, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital pola que se actualiza o Anexo I da Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 82, do 6 de abril de 2022).

- Escrito de don Juan María Abalo Cástex, concelleiro voceiro do grupo municipal Popular de Cambre, rexistrado de entrada co número 202299900001825, de data do día 8 de abril de 2022, no que comunica á súa ausencia do termo municipal dende o día 8 ao 20 de abril de 2022.

- Orde da Consellería de Sanidade, de 6 de abril de 2022, pola que se prorroga a Orde de 16 de novembro de 2021, pola que se aproba a esixencia de determinadas medidas de prevención específicas a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e a Orde de 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos, no que se refire aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade. (Diario Oficial de Galicia número 69-Bis, de 8 de abril de 2022).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Canarga, S.L.”, adxudataria da obra “Mellora do firme nas parroquias de San Lourenzo, Anceis e Outras, Cambre 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, anualidade 2014.” Expediente 2014/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 25 de novembro de 2014, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Canarga, S.L.”, para a obra “Mellora do firme nas parroquias de San Lourenzo, Anceis e Outras, Cambre 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, anualidade 2014.”  
” Expediente 2014/C003/000007.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval, depositado na Tesourería municipal con data 13.11.2014 por importe de 5.954,13 euros con núm. de rexistro 603, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 30 de marzo de 2022.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 05 de abril de 2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, con CIF B15360902 e enderezo en rúa Gambrinus 99, 15008, A Coruña, no expediente número 2014/C003/000007, para a obra

“Mellora do firme nas parroquias de San Lourenzo, Anceis e Outras, Cambre 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, anualidade 2014”

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3.2 Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Canarga, S.L. adxudataria da obra denominada “Renovación de firme dos camiños municipais de Balado ó Drozo e do Toural. A Pena da Nosa Señora. 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, anualidade 2014”. Expediente 2015/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 16 de decembro de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Canarga, S.L. para a execución da obra denominada “Renovación de firme dos camiños municipais de Balado ó Drozo e do Toural. A Pena da Nosa Señora. 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, anualidade 2014”. Expediente 2015/C003/000005.

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva prestada mediante Aval, con data 27.11.2015 por importe de 3.189,70 euros con núm. de rexistro 634, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 30 de marzo de 2022.

Visto o informe de fiscalización NUM 151/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 06 de abril de 2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, con CIF B15360902 e enderezo rúa Gambrinus 99, 15008, A Coruña, no expediente número 2015/C003/000005, para a execución da obra denominada “Renovación de firme dos camiños municipais de Balado ó Drozo e do Toural. A Pena da Nosa Señora. 2014. Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos, Adicional 1/2014, anualidade 2014”

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3.3 Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Canarga,S.L. adxudicataria da obra “Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala”. Expediente 2018/C003/000013**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 14 de novembro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Canarga,S.L. para a obra “Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala” Expediente 2018/C003/000013

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante Aval depositado na Tesourería municipal con data 19.10.2018 por importe de 1.268,60 euros con núm. de rexistro 851, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 30 de marzo de 2022.

Visto o informe de fiscalización número NUM 152/2022 emitido pola Intervención Municipal con data do 06 de abril de 2022.

A teor do establecido no arts. 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade Canarga,S.L. con CIF B15360902 e con enderezo en rúa Gambrinus 99, 15008, A Coruña no expediente número 2018/C003/000013 para a obra "Rexeneración ambiental do espazo libre na contorna da mazá 4 da Barcala"

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**4º. Informe das resolucións ditas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 1 ao 7 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 556/2022 e remata coa resolución da alcaldía número 619/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
556/2022	01-04-2022	Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais, Anceis
557/2022	01-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 39.390,20 euros
558/2022	01-04-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de abril de 2022
559/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer marzo 2022 por importe de 375 euros. Solicitante: EYRL
560/2022	01-04-2022	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ao almacén situado na rúa Otero Pedraio, parroquia do Temple. Solicitante: MG, S.L.
561/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer marzo 2022, por importe de 530 euros. Solicitante: FPV
563/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social odontoloxía por importe de 150 euros. Solicitante: MEMC
564/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer correspondentes aos meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2020 por un importe total de 920 euros. Solicitante: MACD
565/2022	01-04-2022	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao garaxe do tanatorio situado na rúa Pígaro, parroquia do Temple, expediente 04/10/86, dous accesos. Solicitante: PFdelaC, S.A.
566/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer abril 2022 por importe de 400 euros. Solicitante: YLC
567/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer marzo 2022 por importe de 250 euros. Solicitante: CMPN
568/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social gastos farmacéuticos por importe de 35,76 euros. Solicitante: NBB
569/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social para lentes correctoras por importe de 75 euros. Solicitante: GGS
570/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social oito recibos de luz por importe total de 545,60 euros. Solicitante: MMIS
571/2022	01-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer marzo 2022 por importe de 250 euros. Solicitante: RFAV
572/2022	01-04-2022	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma dun galpón existente sen axustarse á comunicación previa presentada (expte 2020/U026/000123), así como obras no muro de peche da fronte de parcela sita en Piñeiro, Cecebre. Titular: GMB
573/2022	01-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras (recheos) nas fincas sitas en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida no expediente 2021/U024/000004. Titular: JLFC
574/2022	04-04-2022	Contrato menor de "pavimentación de beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño e acceso praza Amador e Daniel. A Barcala (fase 2)"
575/2022	04-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 57.570,57 euros

576/2022	04-04-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 8.708,77 euros
577/2022	04-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social dous recibos luz por importe total de 205,12 euros. Solicitante: RFAV
578/2022	04-04-2022	Lista definitiva concurso técnico de integración social
579/2022	04-04-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dende o día 11 ao 13 de abril de 2022, ambos os dous incluídos
580/2022	04-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMSL
581/2022	04-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CMC
582/2022	04-04-2022	Renuncia axuda emerxencia social aluguer de AAAC
583/2022	04-04-2022	Reparación avaría perda presión na caldeira na escola infantil do Temple
584/2022	04-04-2022	Expediente de xeración de crédito número 02/2022. Axuda para proxectos de enerxías renovables térmicas
585/2022	04-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras ( recheos) nas fincas sitas en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida no expediente 2021/U024/000004. Titular: herdeiros JMM
586/2022	04-04-2022	Licenza de parcelación de finca sita na Telva, Sigrás en 11 parcelas promovida por II, S.L.
587/2022	04-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras ( recheos) nas fincas sitas en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida no expediente 2021/U024/000004. Titular: JFG e EFR
588/2022	04-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras ( recheos) nas fincas sitas en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida no expediente 2021/U024/000004. Titular: LRD
589/2022	04-04-2022	Reposición legalidade urbanística a pub sito en Tapia, parroquia do Temple, polo exercicio de actividade nunha zona aberta, sen título habilitante. Propiedade: CD, S.L.
590/2022	04-04-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación das contratacións realizadas polas entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das bases de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual PROXEDIS-PROWEB,2020-2021
591/2022	04-04-2022	Arquivo de actuacións expediente de reclamación número 2021/X999/000020, polo pago de 936,88 euros, IVE incluído, cantidade reclamada por danos ocasionados en salva cunetas, á altura do P.K. 5+000 da estrada AC-214, debido ao choque do camión-furgón marca HERCOV, modelo FIAT DUCATO, o día 28 de decembro de 2020
592/2022	05-04-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra mellora da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		seguridade viaria do camiño municipal nº192 DO P.K 1+210 AO P.K 1- 440.Cela.Cambre, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 33.410,60 euros, así como o seu pagamento
593/2022	05-04-2022	Modificación substancial condicións laborais procedemento 0000112/2022 demandante COPV
594/2022	05-04-2022	Aprobación do padrón das taxas de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do primeiro trimestre de 2022
595/2022	05-04-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 11 ao 17 de abril de 2022, ambos incluídos
596/2022	05-04-2022	Autorización a MOSL, en representación de Esquerda Unida, para ocupar un espazo público de 6 metros cadrados, instalar unha carpa de 2x1 metros non anclada e unha mesa non anclada plegable de aproximadamente 60 centímetros e material informativo, diante do centro de saúde do Temple, en horario de 12:00 á 13:00 horas, e diante do centro de saúde de Cambre, en horario de 19:30 á 20:30 horas, o día 7 de abril de 2022,co obxecto de realizar unha campaña informativa relativa á Sanidade
597/2022	05-04-2022	Renuncia axuda emerxencia social recibo gas de ADCM
598/2022	05-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMMJ
599/2022	05-04-2022	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día 11 ao 13 de abril de 2022
600/2022	06-04-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: GHCM
601/2022	06-04-2022	Incorporación de remanentes 14/2022
602/2022	06-04-2022	Nomeamento auxiliar administrativo Servizos
603/2022	06-04-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: JDG
604/2022	06-04-2022	Licenza de edificación para construír un edificio de 16 vivendas, locais comerciais, trasteiros e garaxes na rúa Castellana, Cambre promovido por RH, S.L.
605/2022	06-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de diversas obras na vivenda sita en estrada Espiritu Santo, Cecebre, e un peche na fronte da parcela con bloques de formigón. Titular: JMV L
606/2022	06-04-2022	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao cuarto trimestre de 2021
607/2022	06-04-2022	Orde de execución pola existencia dun vertedoiro incontrolado, un portal con arame de espiño, na finca sita en Leiras, Cecebre. Titular JPS
608/2022	06-04-2022	Oferta pública de emprego 2022
609/2022	06-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola cubrición da terraza no patio de luces da planta primeira da vivenda sita en Otero Pedraio, O Temple. Propiedade: FJLP e MCSN
610/2022	06-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras consistentes no derrubamento dun volume existente e a construción



		dun novo, no lugar da Telva, Sigrás. Propiedade: MBR e RAMR
611/2022	06-04-2022	Expediente sancionador pola construción dun volume arrimado a unha das fachadas da edificación principal parcela sita na Telva, Sigrás. Propiedade: MBRE e RAMR
612/2022	06-04-2022	Incorporación de remanentes 15/2022
613/2022	07-04-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
614/2022	07-04-2022	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de GAC e MAD
615/2022	07-04-2022	Delegar na concelleira dona Mónica Varela Germade para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de HAV e JAM
616/2022	07-04-2022	Delegar na concelleira dona Mónica Varela Germade para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de SSN e FJCP
619/2022	07-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 90.780,00 euros

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do “Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre en periodos vacacionais escolares” a prol do licitador “Jardanay, SL”, no prezo unitario ofertado por comida e comensal de 4,75 euros sen IVE, 5,23 euros IVE incluído, o que supón un prezo total para os dous anos de contrato 51.347,50 euros sen IVE, 56.482,25 euros IVE incluído. Expte: 2022/C004/000003

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra de demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000028 por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación (xuízos de valor e apreciación automática) da organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adjudicación do “Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre en periodos vacacionais escolares” a prol do licitador “Jardanay, SL”, no prezo unitario ofertado por comida e comensal de 4,75 euros sen IVE, 5,23 euros IVE incluído, o que supón un prezo total para os dous anos de contrato 51.347,50 euros sen IVE, 56.482,25 euros IVE incluído. Expte: 2022/C004/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C004/000003 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do “Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre en periodos vacacionais escolares”, cun valor estimado de 89.457,50 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 54.050,00 euros sen IVE, 59.455,00 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares - oferta económica, incremento de gramos e rotación de menús -, que consta na acta da Mesa de Contratación de data 21 de marzo de 2021, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol de “Jardanay, S.L.”, no prezo unitario ofertado por comida e comensal de 4,75 euros sen IVE, 5,23 euros IVE incluído, o que supón un prezo total para os dous anos de contrato 51.347,50 euros sen IVE, 56.482,25 euros IVE incluído, por ser a única entidade presentada e admitida na presente licitación e segundo a puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 30 de marzo de 2022.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e polo interventor municipal de data 8 de abril de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 21 de marzo de 2022, declarar válida a licitación, admitindo nela á única empresa presentada, “Jardanay, S.L.”, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 e 14 do PCAP e achegar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do dito prego, así como o modelo de proposición segundo o modelo do Anexo III do PCAP.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 21 de marzo de 2021, a seguinte valoración da única proposición presentada e admitida na licitación, correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do PCAP (oferta económica, incremento de gramos e rotación de menús), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, resultando que a única entidade presentada non se atopa nesta circunstancia.

Licitador	Oferta económica (ata 80 puntos)	Incremento de gramos entre os establecidos na “Guía	Rotación de menú	PUNTUACIÓN TOTAL
-----------	----------------------------------	---	------------------	------------------

		de axuda para programar os menús escolares” da Xunta de Galicia (ata 10 puntos)		
Jardanay, S.L.	80 puntos	10 puntos	10 puntos	100 puntos

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 1 licitador, o cálculo realízase conforme ao establecido na cláusula 16.3.2, en función do cal:

*“Número de ofertas: 1. La oferta resulta anormalmente baja si es inferior al precio de licitación en más de un 16,67% lo que equivale a decir que su baja porcentual es superior a 16,67%”*

resultando que o límite da oferta temeraria se establece en 45.039,87 euros (sen IVE).

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 21 de marzo de 2021, adxudicar o “Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre en períodos vacacionais escolares” a prol da entidade “Jardanay, S.L.”, con NIF B15754682 e enderezo en rúa Menéndez Pelayo 12, 1º esq., 15004 (A Coruña), no prezo unitario por comida e comensal de 4,75 euros sen IVE, 5,23 euros IVE incluído, o que supón un prezo total para os dous anos de contrato (tendo en conta que o número máximo de comidas a servir é de 10.810) de 51.347,50 euros sen IVE, 56.482,25 euros IVE incluído, todo isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de nos prezos ofertados, no incremento de 20 gramos de entre os establecidos na “Guía de axuda para programar os menús escolares” da Xunta de Galicia con respecto ás carnes e pescados en tódolos tramos de idade (3-6 anos; 7-12 anos; 13-15 anos), e unha rotación de 25 menús diferentes.

**Sexto:** Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, publicando seguidamente a formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun **seguro de responsabilidade civil**, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Igualmente, previo inicio da execución da prestación, deberá darse de alta no epígrafe correspondente do **IAE** que lle faculte para o seu exercicio no ámbito territorial no Concello de Cambre.

**Sétimo:** Designar como responsable do contrato ao coordinador de Actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara, a quen, de conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordo ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra de demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de urbanismo, Obras e Medioambiente do día 20 de marzo de 2018, ordenouse a demolición das obras realizadas por don Manuel Prado Moure sin licenza municipal, consistentes nun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigras, (Cambre) ao resultar imposible a súa legalización.

A antedita resolución foi notificada a Papre S.A con data de 27 de marzo de 2018, concedendolle un prazo de 1 mes para o inicio da obra e 5 meses para a finalización das mesmas.

Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, con data de 1 de outubro de 2018, acordouse reanudar os trámites para a execución subsidiaria da demolición das obras sin licenza consistentes na construción dun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigrás, Cambre, ordenada por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, obras y Medio ambiente do día 20 de marzo de 2018 e confirmado por resolución de alcaldía do día 15 de maio de 2018,

ao non ter realizado dita demolición polos interesados dentro do prazo concedido, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, do Solo de Galicia.

Como consecuencia do anterior, acordouse iniciar os trámites para a contratación das obras necesarias para levar a cabo a antedita demolición, en base ao proxecto de demolición denominado “*Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castroboo*” e redactado polos arquitectos don Javier López Cabana, con número de Colexiado 1582, e don Eladio Castro López, con número de Colexiado 1836, do Grupo Taller de Arquitectos y Urbanistas La Coruña SLP, aportado polos interesados con data de rexistro de entrada 15 de decembro de 2017 e número 2130, cun orzamento de 92.916,86 € sen IVE, 112.429,40 € IVE incluído.

Consta informe de conformidade e supervisión técnica a proxectos externos, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 22/07/2021.

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2021.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data do 30 de xullo de 2021 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que se trata dunha obra vinculada á reposición da legalidade urbanística e que se considera viable tendo en conta as seguintes consideracións: unha vez efectuada a demolición e a retirada do escombros resultante a parcela deixarase á rasante preexistente e protexeranse debidamente os elementos públicos que poidan verse afectados pola demolición ou polo uso da maquinaria para a súa execución. Tamén se indica no citado informe que o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación, polo que dende o punto de vista urbanístico se considera viable. Dito informe foi actualizado con data de 9 de marzo de 2022.

Con data do 28 de setembro de 2021 emítese informe polo técnico de Administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando Garrido Negreira, coa conformidade do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero, no que, trala cita dos fundamentos de dereito que establecen a procedencia da execución subsidiaria, se especifica que o acto administrativo de orde de demolición que motiva a incoación do presente expediente “*é firme en vía administrativa, sen que tampouco se teña presentado recurso contencioso administrativo contra o mesmo dentro do prazo legalmente establecido*”.

En concreto, no citado informe motivábase xurídicamente a execución subsidiaria da obra por parte do Concello nos seguintes fundamentos legais :

*“A normativa aplicable ven recollida fundamentalmente nos seguintes artigos:*

- *152 da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, que establece que no caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración Municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, manténdose as mesmas disposicións que no artigo 209.6 da derogada Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *102 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que habrá lugar á execución subsidiaria cando se trate de actos que por non ser personalísimos poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado. Neste caso, as Administracións Públicas realizarán o acto, por sí ou a través das persoas que determinen, a costa do obrigado. O importe dos gastos, danos e perxucios exixirase conforme ao disposto no artigo anterior. O dito importe poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.*

- 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o dito recurso.
- 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, que establece que o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou da notificación ou publicación do acto que pon fin á vía administrativa, se fose expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e os demais posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día nove de marzo de dous mil vinte e dous, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou “unha vez esgotada a lista de licitadores presentados, declarar deserto o procedemento de contratación para a obra “Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobo”, expediente 2021/C003/000010, por non aportar debidamente ningún dos dous licitadores presentados a documentación previa á adxudicación.

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2022.

Consta o documento de Retención de crédito emitido o 26 de marzo de 2022 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 920.22604, por importe de 112.429,45 euros.

Con data 14 de marzo de 2022 emítese polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito memoria xustificativa da necesidade da contratación da obra “Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar de Campóns. Castrobo”, na que se xustifica a necesidade da obra, a non división en lotes do contrato e maila elección do procedemento de contratación proposto. Coa mesma data emítese polo arquitecto municipal informe no que constan as prescricións técnicas para a contratación da obra e se propoñen como criterios de adxudicación os seguintes:

Fase I. Criterios avaliados mediante xuízos de valor: 25 puntos

- Programa de traballo: 15 puntos
- Programa de actuación medioambiental: 10 puntos

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na Fase I, coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: programa de traballo e programa de actuación medioambiental, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento.

Fase II Criterios avaliados mediante fórmulas: 75 puntos

- Oferta económica: 60 puntos
- Estabilidade no emprego. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa: 15 puntos

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 da LCSP.

Consta no informe de prescricións técnicas a clasificación substitutiva da solvencia:

### Grupo C, Subgrupo 1, Categoría 1

Consta o orçamento base de licitación do contrato:

- Base imponible:	92.916,86 €
- IVE (21%):	19.512,54 €
- Total:	<b>112.429,40 €</b>

Polo que se refire ao valor estimado do contrato, e dado que nin no proxecto técnico, nin no informe técnico de necesidade consta proposta de modificación nos termos establecidos no artigo 204 da LCSP, o valor estimado do presente contrato é de:

Base imponible: 92.916,86 €

20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede

Total VALOR ESTIMADO: **92.916,86 €**

Consta na memoria a xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato, iso a teor do establecido nos artigos 99.3 e 116.4 g) da LCSP, con base na natureza e dimensión da obra a executar, pois a realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alonxaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de abril de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaria accidental, con data 7 de abril de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal número JUA 162/2022 – REPARO 51 R, sen efectos suspensivos.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a execución dunha obra vinculada á reposición da legalidade urbanística, en concreto, a demolición dun edificio situado nos Campóns-Catrobo, en base á Resolución de data 1 de outubro de 2018, do Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, pola que se acorda reanudar os tramites para a execución subsidiaria da demolición do edificio de referencia, ordenada por resolución do mesmo Concelleiro Delegado de data 20 de marzo de 2018, e confirmada por resolución de Alcaldía de data 15 de maio de 2018, ao non ser realizada dita demolición polos interesados dentro do prazo concedido para isto, de acordo co disposto no artigo 152.6 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Co contrato proxectado o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado a), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ("o

*municipio ejercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "a) urbanismo: .... disciplina urbanística ...")*, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Demolición de edificio sito no lugar de Campons. Castroboo
- Orzamento base de licitación: Base imponible: 92.916,86 €  
Importe IVE (21%): 19.512,54 €  
Total: 112.429,40 €
- Valor estimado: Base imponible: 92.916,86 €  
20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede  
Total VALOR ESTIMADO: **92.916,86 €**
- Prazo de execución: 2 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22604

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.



A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000028 por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación (xuízos de valor e apreciación automática) da organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de abril de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 21 de novembro de 2021 elaborouse polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento para a contratación do servizo de organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, cun valor estimado total de 177.093,15 euros, e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 107.329,18 euros sen IVE, 118.062,10 euros IVE incluído.

Con data de 6 de abril de 2022 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Cultura, deportes e xuventude o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, procedemento de adjudicación, condicións especiais de execución do contrato, e penalidades aplicables, elaborándose na mesma data, polo antedito funcionario, o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

Consta documento de retención de crédito no orzamento de 2022, asinado con data de 17 de marzo de 2022 polo Interventor da Corporación, polo importe de 59.031,05 euros correspondente á primeira anualidade do contrato.

Respecto do procedemento de adjudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adjudicación o procedemento aberto, a teor do establecido nos artigos 131 e 156 da LCSP.

No informe técnico constan como **criterios de adjudicación** para os diferentes lotes do contrato os seguintes:

### **LOTES 1 y 2 Campamento pequeños y campamento mayores**

- **A) Precio ofertado a la baja sobre el importe de licitación: hasta 60 puntos**, que se otorgarán a la oferta económica que presente una baja mayor, y al resto proporcionalmente.
  - En la oferta económica se tendrá en cuenta el importe total anual (IVA incluido), que será el resultado de multiplicar el precio plaza ofertado por 50 (máximo de plazas del campamento).

CAMPAMENTOS	Precio plaza s/IVA	10% IVA	Precio plaza IVA inc.	Plazas	TOTAL IVA INC.
Lote 1 Pequeños	340,79 €	34,08 €	<b>374,87 €</b>	50	18.743,50 €
Lote 2, Mayores	668,50 €	66,85 €	<b>735,35 €</b>	50	36.576,00 €

- **B) Proyecto técnico explicativo de las condiciones del campamento**  
El proyecto técnico explicativo tendrá que seguir el guión que se muestra a continuación:

#### **b1) Fechas, destinos, actividades mínimas e instalaciones campamentales 2022, hasta 19 puntos**

- Fechas, hasta 2 puntos
  - ✓ 1-15 de julio: 2 puntos
  - ✓ 16-31 de julio: 1 punto
- Destinos, hasta 6 puntos para la propuesta teniendo en cuenta la idoneidad del marco en el que se desarrolla el campamento
  - ✓ Lote 1, campamento pequeños
    - o Pontevedra (costa), Asturias (costa): 4 puntos
    - o Lugo (costa), A Coruña (costa): 2 puntos
    - o León, Ourense, Lugo (interior), A Coruña (interior), Zamora: 0,5 puntos
    - o Entorno rico en patrimonio natural: 2 puntos
  - ✓ Lote 2, campamento mayores
    - o Campamento más lejano dentro del límite del transporte municipal (600 kms): 2 puntos
    - o Campamento a más de 600 km (límite transporte municipal): 4 puntos
    - o Entorno rico en patrimonio natural y cultural: 2 puntos
- Actividades mínimas, hasta 6 puntos, que se otorgarán a la propuesta que presente una oferta mayor de las actividades mínimas señaladas en el PPT y al resto proporcionalmente
  - ✓ Actividades deportivas a realizar en el agua (con tabla): hasta 2 puntos
  - ✓ Actividades náuticas vela: hasta 2 puntos
  - ✓ Actividades complementarias aventura: hasta 2 puntos
- Instalaciones, hasta 5 puntos, valorandose la idoneidad y completa descripción de la instalación, así como la calidad general de la infraestructura y la cercanía a la zona de baño y de actividad náutica
  - ✓ Campamento juvenil en tiendas de campaña: 2 puntos
  - ✓ Camping en tiendas: 1,5 puntos
  - ✓ Albergue, colonia: 1 punto
  - ✓ Colegio o instalación similar adaptada: 0.25 puntos

- ✓ Cercanía zona de baño: 1 punto
- ✓ Cercanía zona de actividad náutica: 2 puntos

**b2) Campamentos 2023, hasta 20 puntos distribuidos de la siguiente manera:**

- Fechas, hasta 2 puntos
  - ✓ 1-15 de julio: 2 puntos
  - ✓ 16-31 de julio: 1 punto
- Destinos, hasta 7 puntos, debiendo presentar cada licitador un mínimo de 2 propuestas de destino diferentes, realizables y posibles, que se valorarán en función de su idoneidad como marco para desarrollar el campamento y que escogerá el ayuntamiento con la debida antelación según los plazos de reserva que determine la propia instalación. Los lugares de campamento de un año para otro deben estar a una distancia mínima de 100 km entre si
  - ✓ Lote 1, campamento pequeños
    - o Pontevedra (costa), Asturias (costa): 4 puntos
    - o Lugo (costa), A Coruña (costa): 2 puntos
    - o León, Ourense, Lugo (interior), A Coruña (interior), Zamora: 0,5 puntos
    - o Entorno rico en patrimonio natural: 2 puntos
    - o Número de instalaciones propuestas: 1 punto para el licitador que presente más propuestas
  - ✓ Lote 2, campamento mayores
    - o Campamento más lejano dentro del límite del transporte municipal (600 kms): 2 puntos
    - o Campamento a más de 600 km (límite transporte municipal): 4 puntos
    - o Entorno rico en patrimonio natural y cultural: 2 puntos
    - o Número de instalaciones propuestas: 1 punto para el licitador que presente más propuestas
- Actividades mínimas, hasta 6 puntos, que se otorgarán a la propuesta que presente una oferta mayor por encima de las actividades mínimas señaladas en el PPT y al resto proporcionalmente
  - ✓ Actividades deportivas a realizar en el agua (con tabla): hasta 2 puntos
  - ✓ Actividades náuticas vela: hasta 2 puntos
  - ✓ Actividades complementarias aventura: hasta 2 puntos
- Instalación, hasta 5 puntos, valorandose la idoneidad y completa descripción de la instalación, así como la calidad general de la infraestructura y la cercanía a la zona de baño y de actividad náutica
  - ✓ Campamento juvenil en tiendas de campaña: 2 puntos
  - ✓ Camping en tiendas: 1,5 puntos
  - ✓ Albergue, colonia: 1 punto
  - ✓ Colegio o instalación similar adaptada: 0,25 puntos
  - ✓ Cercanía zona de baño: 1 punto
  - ✓ Cercanía zona de actividad náutica: 2 puntos

**b3) Campamentos 2024, hasta 1 punto**

- Propuestas, para el caso de prórroga, de destinos y esquema/planning (se debe ofrecer un mínimo de 2 opciones pero todas ellas deberán ser posibles y estarán condicionadas a los límites geográficos que se establecen en este pliego): hasta 1 punto (0,5 puntos por cada propuesta a mayores del mínimo exigido)

### **LOTE 3: Acampada en Guitiriz 2 días/1 noche, niños/las de 7 y 8 años**

- **Precio ofertado a la baja sobre el importe de licitación, hasta 100 puntos**, que se otorgarán a la oferta económica que presente una baja mayor y al resto proporcionalmente
  - En la oferta económica se tendrá en cuenta el importe total anual (IVA incluido), que será el resultado de multiplicar el precio plaza ofertado por 24 (máximo de plazas de la acampada) . Debido a la simplicidad del servicio no se considera necesario incluir otros criterios de adjudicación.

ACAMPADA	Precio plaza s/IVA	10% IVA	Precio plaza IVA inc.	Plazas	TOTAL IVA INC.
Lote 3, Guitiriz	133,34 €	13,33 €	<b>146,67 €</b>	24	3.520,08 €

Así mesmo, consta na memoria e máis no prego de prescricións técnicas particulares elaborado o orzamento base de licitación do contrato, así como o seu valor estimado :

#### **Orzamento base de licitación para 2 anos (2022 y 2023):**

Base imponible: 107.329,18 euros  
 IVA (10%): 10.732,92 euros  
 Total: **118.062,10 euros**

Desglosado da seguinte forma, de acordo coa cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas:

#### **ORZAMENTO UNITARIO:**

ORZAMENTO ANUAL LOTE 1		Prezo/praza
RECURSOS HUMANOS	4.491,01 €	89,82 €
MATERIAL	998,29 €	19,97 €
ACTIVIDADES MÍNIMAS	1.775,43 €	35,51 €
ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN	7.125,00 €	142,50 €
VEHÍCULO APOIO	299,65 €	5,99 €
Subtotal	14.689,38 €	293,79 €
Gastos Xerais (10%)	1.468,94 €	29,38 €
Beneficio Industrial (6%)	881,36 €	17,63 €
Subtotal	17.039,68 €	<b>340,79 €</b>
IVE (10%)	1.703,97 €	34,08 €
TOTAL ANO	18.743,65 €	<b>374,87 €</b>

ORZAMENTO ANUAL LOTE 2		Prezo/praza
RECURSOS HUMANOS	8.209,85 €	164,20 €
MATERIAL	1.155,14 €	23,10 €
ACTIVIDADES MÍNIMAS	3.275,43 €	65,51 €
ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN	15.675,00 €	313,50 €
VEHÍCULO APOIO	499,36 €	9,99 €
Subtotal	28.814,78 €	576,30 €

Gastos Xerais (10%)	2.881,48 €	57,63 €
Beneficio Industrial (6%)	1.728,89 €	34,58 €
Subtotal	33.425,14 €	<b>668,50 €</b>
IVE (10%)	3.342,51 €	66,85 €
TOTAL ANO	36.767,66 €	<b>735,35 €</b>

ORZAMENTO ANUAL LOTE 3		Prezo/praza
RECURSOS HUMANOS	1.187,57 €	49,23 €
MATERIAL	507,55 €	21,15 €
TRANSPORTE Y VEHICULO AP.	373,60 €	15,57 €
ALOJAMIENTO Y MANUTENCIÓN	696,00 €	29,00 €
Subtotal	2.758,72 €	114,95 €
Gastos Xerais (10%)	275,87 €	11,49 €
Beneficio Industrial (6%)	165,52 €	6,90 €
Subtotal	3.200,12 €	<b>133,34 €</b>
IVE (10%)	320,01 €	13,33 €
TOTAL ANO	3.520,13 €	<b>146,67 €</b>

O coste de prestación do servizo **con carácter anual** é o seguinte:

CAMPAMENTOS	Prezo praza s/IVE	10% IVE	Prezo praza IVE inc.	Prazas	TOTAL IVE INC.
Lote 1 Pequenos	340,79 €	34,08 €	<b>374,87 €</b>	50	18.743,50 €
Lote 2, Maiores	668,50 €	66,85 €	<b>735,35 €</b>	50	36.767,50 €
Lote 3, Guitiriz	133,34 €	13,33 €	<b>146,67 €</b>	24	3.520,05 €
				124	<b>59.031,05 €</b>

Campamentos de verán	Importe sen IVE	10 % IVE	Importe con IVE
Lote 1 pequenos	17.039,55 euros	1.703,95 euros	18.743,50 €
Lote 2 maiores	33.425,00 euros	3.342,50 euros	36.767,50 €
Lote 3 Acampada Guitiriz	3.200,04 euros	320,01 euros	3.520,05 €
	53.664,59 euros	5.366,46 euros	<b>59.031,05 €</b>

Para o cálculo destes prezos pártese como mínimo do prezo establecido no Convenio colectivo do sector lecer educativo e animación sociocultural en vigor (BOE núm. 168, de 15 de xullo de 2015). As categorías de referencia son as seguintes:

- para os monitores/as e persoal de integración contéplase a de Monitor/a de Lecer Educativo e Tempo Libre, recollida no Grupo IV de persoal de atención directa
- para o/a director/a do campamento contéplase a de Coordinador/a de actividades e proxectos de centro, recollida no Grupo IV de personal de atención directa

Así mesmo, para o cálculo destes prezos pártese como mínimo do prezo establecido no III Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia de Galicia 2016-2018, en vigor (DOG núm. 25, de 6 de febreiro de 2017). A categoría de referencia é Grupo 3, Nivel II:

- socorrista acuático

O cálculo para a determinación do **valor estimado** do contrato é o seguinte: 160.993,77 € (prezo sen IVE correspondente ás dúas anualidades máis un ano de posible prórroga) + 16.099,37 € (10% de posibles modificacións) = **177.093,15 euros**.

- LOTE 1: 56.230,52 €
- LOTE 2: 110.302,50 €
- LOTE 3: 10.560,13 €

De conformidade co artigo 99.3 da LCSP, o contrato estrutúrase en 3 lotes:

- Lote 1: Campamento pequenos
- Lote 2: Campamento maiores
- Lote 3: Acampada en Guitiriz

Consta a providencia da Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de abril de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP.

Consta informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e polo interventor municipal con data de 9 de abril de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue a organización e desenvolvemento de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as, co obxectivo principal de fomentar entre a xuventude do municipio un aproveitamento máis racional do lecer e do tempo libre, así como a promoción de hábitos de consumo cultural, poñendo á súa disposición infaestructuras que axuden á consecución dos obxectivos. O servizo incluirá, como mínimo, o persoal técnico do campamento -incluído un monitor/a específico para usuarios con necesidades especiais-, o programa de actividades, o material necesario para súa correcta execución, e o aloxamento e manutención nunha instalación axeitada para as actividades a desenvolver. Os campamentos desenvolveranse no período vacacional de verán, no mes de xullo, excepto a acampada de Guitiriz que será a finais de xuño. Os destinatarios serán os mozos/as do Concello de 7 a 17 anos. As actividades celebraranse durante varios días nunha ou varias instalacións a determinar polos ofertantes. O número máximo total de participantes previsto é de 124, coa seguinte distribución, que podería modificarse en función da demanda por idades e de maneira consensuada coa entidade adxudicataria:

Grupo	Idades	Prazas máx.	Duración min.
Pequenos	9 - 12 anos	50	6 días
Maiores	13 - 17 anos	50	12 días
Guitiriz	7 - 8 anos	24	2 días

O seu fundamento normativo atópase na Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das bases do réxime local, que establece no artigo 25.2, apartado l), como competencia propia dos municipios "a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."

Así mesmo, na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Mocidade de Galicia, na seu Título III relativo á organización e distribución de competencias, capítulo II, artigo 34 (competencias da Administración Local), punto 1, apartado c), cita como competencia municipal en materia de mocidade a creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de mocidade.

Polo tanto, queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000028 por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación (xuízos de valor e apreciación automática), dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

Obxecto do contrato: Servizo de organización de campamentos de verano para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024:

Lote 1 Campamento de pequenos  
Lote 2 Campamento de maiores  
Lote 3 Acampada Guitiriz

Orzamento base de licitación: Para **2 anos** de contrato (2022 y 2023):

Base imponible: 107.329,18 €  
IVA (10%): 10.732,92 €  
Total: **118.062,10 €**

Desglosado nos seguintes **prezos unitarios/praza:**

**Lote 1:** 340,79 € + 34,08 € (IVE 10%) = **374,87 €**  
**Lote 2:** 668,50 € + 66,85 € (IVE 10%) = **735,35 €**  
**Lote 3:** 133,34 € + 13,33 € (IVE 10%) = **146,67 €**

Prestación do servizo **con carácter anual:**

**Lote 1:** 17.039,55 € + 1.703,95 € (IVE 10%) = **18.743,50 €**  
**Lote 2:** 33.425,00 € + 3.342,50 € (IVE 10%) = **36.767,50 €**  
**Lote 3:** 3.200,04 € + 320,01 € (IVE 10%) = **3.520,05 €**  
Total: 53.664,59 € + 5.366,46 € (IVE 10%) = **59.031,05 €**

Valor estimado: **177.093,15 euros**

Lote 1: 56.230,52 €  
Lote 2: 110.302,50 €

Lote 3: 10.560,13 €

**Duración:** Dous anos, máximo, dende a súa formalización ata o 31 de outubro de 2022, con posibilidade de prórroga ata o período vacacional de verán de 2024.

Isto, en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria “337.22610 Programas xuventude”.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- **Presidenta:** A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- **Vogais:**
  - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
  - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
  - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.
  - A coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez, e como suplente, o bibliotecario-arquiveiro municipal, don Gaspar Domínguez Méndez
- **Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a Técnica de Xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica María Otero López